

## COPIAR PARA USO PRIVADO

- Para o teu uso privado (non empresarial, profesional nin comercial), podes copiar música, películas, libros, imaxes, etc., sempre que leves a cabo esas copias cos teus propios medios e non as distribúas.
- Poden facerse copias para uso privado e para utilizalas nun ámbito estritamente doméstico. Non se poden utilizar esas copias de forma colectiva nin lucrativa, nin distribuílas mediante prezo.
- Só se poden facer copias de obras adquiridas legalmente e de fontes legais.
- As copias realizadas para uso privado non se poden usar para outro fin. A distribución e publicación en Internet non é uso privado.
- Non se poden facer copias de programas de ordenador para uso privado, salvo copias de seguridade que resulten necesarias.
- Tampouco se poden facer copias de gravacións piratas ou compartidas sen autorización, nin sequer para uso privado.

